

REAL  
FILHARMONÍA  
DE GALICIA

# Arquipélago de sons

Temporada  
de abono  
2018 → 2019



AUDITORIO  
DE GALICIA









chégase  
unha nova  
temporada  
que nos levará  
o vindeiro

setembro á sala Ángel Brage do Auditorio de Galicia para escoitar á nosa orquestra, a Real Filharmonía de Galicia, que en máis de 20 de concertos se atopará de novo coas abonadas e abonados e público en xeral. 'Arquipelago de sons' é o fío condutor do programa de abono 2018-2019 deixando que soe a música das Illas Británicas baixo a batuta do director titular, Paul Daniel, de Maximino Zumalave, director asociado e de Johnathan Webb, principal director invitado, aos que se unirán grandes mestres como Manuel Hernández Silva, Pedro Neves, Erik Nielsen, Enrico Onofri ou a directora Eu Sun Kim que dirixirán un repertorio diverso e cos que teremos a oportunidade de profundar en compositores e obras da temporada nos 'Conversando con' que preceden aos concertos.

Consolidado na temporada está o ciclo de piano Ángel Brage que contará con mestres de indiscutible prestixio acompañados pola orquestra como Kun-Woo Paik, Nicolas Angelich ou Javier Perianes, que intervendrá no ciclo en recital.

Como embaixadora do noso país, a orquestra continúa a coidar, difundir e traballar o noso patrimonio musical, co recoñecemento aos nosos compositores lembrando o sesenta aniversario da morte de Andrés Gaos, a recuperación do legado musical de José Arriola e dando a coñecer novos talentos galegos da composición.

Gustaríame destacar a importancia dos concertos en familia, dos concertos didácticos ou do programa RFG

Solidaria, que achegan a música clásica a novos públicos na procura das primeiras experiencias musicais. Tamén fai medrar o ábano de públicos a xira coa que a Real Filharmonía de Galicia leva as súas interpretacións as cidades galegas e vilas galegas como Barcia de Mera, Vigo, Ferrol, Lugo, Ourense e ao Auditorio Nacional da Música de Madrid onde a orquestra inaugurará o Ciclo de Grandes Obras e Interpretes.

Unha orquestra implicada no tecido cultural de Compostela e formada por intérpretes procedentes de diversos países que son xa cidadás e cidadáns de Santiago. Un recoñecemento entre músicos e veciñanza que se manifesta nos calurosos aplausos que a formación recibe nas visitas que introducen a temporada en diversos lugares da cidade como Conxo, a Praza Roxa, Área Central ou a Praza de Abastos.

Aos profesores, profesoras e persoal técnico da RFG, ao equipo do Auditorio de Galicia e artistas convidados o meu recoñecemento e agradecemento que extendo ao Consorcio de Santiago de Compostela como xestor dunha orquestra que reivindicamos con orgullo.

### **Martiño Noriega**

Alcalde de Santiago de Compostela

# ARQUIPÉLAGO DE SONS


Un arquipélago defínese como un conxunto de illas próximas entre si: así é como dende a Real Filharmonía de Galicia queremos presentar a tempada de concertos de abono 2018-2019 “Arquipélago de sons”, que xirará arredor da música das Illas Británicas.

Desta nova aventura sinfónica forman parte 21 concertos de abono, cada un, unha illa, e varios ciclos que vertebran musicalmente este proxecto: o Ciclo de piano Ángel Brage, o Ciclo de Concertos Didácticos, o Ciclo de Concertos Familiares e a RFG Solidaria, para dar visibilidade ás asociacións galegas comprometidas no ámbito social. Asemade, ofreceremos dous concertos extraordinarios: o tradicional concerto de Reis e un concerto na Cidade da Cultura.

Ata as nosas costas chegarán rumores de sons deste arquipélago da man de compositores coma E. Elgar, C. Coles, W. Walton, M. Arnold, R. Vaughan Williams, Y. Bowen, J. Rathbone...e tamén, e volvendo á ensencia clásica da RFG, moitas das sinfonías de Haydn, especialmente as compostas na súa etapa nas Illas Británicas, coñecidas coma “Sinfonías Londres”.

Un ano máis contaremos con formidables artistas convidados: directores e directoras e solistas visitarán a nosa cidade por primeira vez, abrindo novos horizontes e retos artísticos: Erik Nielsen, Baldur Brönnimann, Eun Sun Kim, Wayne Marshall, Isabel Villanueva, Berna Perles, Svetlin Roussev, Kun-Woo Paik, Cristina Branco, Yo-Eun Choi... Todos e todas compartindo experiencias con persoas xa vencelladas á historia da orquestra coma Jonathan Webb, Maximino Zumalave, Manuel Hernández-Silva, Nicolas Angelich, Nicolas Alstaed, Pedro Neves, Enrico Onofri...


O compromiso territorial da RFG con Galicia enteira segue a ser un dos nosos piares fundamentais, e nesta nova xeira aumentamos a 22 os concertos en diferentes cidades galegas: Vigo, Ferrol, Lugo, Ourense e A Coruña. Isto, cómpre sinalar, non sería posible sen a colaboración de moitas institucións locais e, especialmente, das sociedades filarmónicas que fan florecer o amor pola música na súa comunidade. Non queremos deixar pasar esta ocasión sen citar a excelente colaboración que a RFG mantén con todas as institucións que fan posible que cheguemos a sectores amplos da sociedade galega: Sociedade Filarmónica de Vigo, Sociedade Filarmónica de Ferrol, Sociedade Filarmónica de Lugo, Sociedade Filarmónica



de Pontevedra, Afundación, Amigos da Ópera de Santiago, Amigos da Ópera de Vigo, Teatro Principal de Ourense...cos que seguimos a tecer, con ilusión, futuros e maravillosos proxectos.

Neste 2018 teremos tamén co privilexio de inaugurar, no Auditorio Nacional de Música de Madrid, o Ciclo de Grandes Obras e Intérpretes organizado pola Universidade Autónoma de Madrid. Nesta liña de visibilidade nacional seguimos a traballar, convencidos da importancia de significarnos máis aló da nosa comunidade.





A diversidade é outra das nosas arelas e con ela pretendemos achegarnos aos públicos máis diferentes. Deste xeito, a RFG sairá á rúa da súa cidade, Santiago de Compostela, con 5 concertos en diferentes barrios no mes de setembro; abriremos a tempada coa ópera (en versión concerto) "O Holandés Errante" de Richard Wagner; teremos un concerto de Nadal arredor das danzas e da música francesa; da man da fadista Cristina Branco daremos un paseo pola canción portuguesa; Enrico Onofri afondará no estilo clásico; Hernández-Silva levaranos coa soprano Berna Perles a algunhas das arias máis fermosas de Mozart e Beethoven; o ritmo de Gershwin inundaranos co pianista e director Wayne Marshall... e eu, como director artístico e titular, estou emocionado de poder marcar a senda inglesa, ofrecendo 9 magníficos programas adicados á música da miña terra.

O ano 2019 será motivo, ademais, da celebración do 60 aniversario da morte dun dos compositores galegos máis senlleiros: Andrés Gaos. Co gallo deste aniversario, a RFG encargou a orquestración dalgunhas das cancións máis fermosas de Gaos ao compositor Joam Trilho.

Por outra banda, convencidos de que a creación contemporánea é parte fundamental do noso patrimonio cultural, este ano faremos cadanseu encargo aos compositores Xabier Mariño e Antón Saavedra. O compromiso coa recuperación do patrimonio galego levaranos, da man do Consello da Cultura Galega e a discográfica Brilliant Classics, á presentación dun dobre CD adicado á figura do compositor ferrolán José Arriola. Como broche final deste proxecto, faremos unha xira de 4 concertos por toda Galicia.

Pensando no público máis novo, artellamos 3 concertos didácticos moi divertidos: O Quebranos, coa compañía de Títeres Per-Poc; Pangea, co extraordinario Abraham Cupeiro e Mini Mozart, co Servizo Educativo da Casa da Música do Porto. Cada un deles vai dirixido a unha franxa de idade que abrangue dos 6 aos 17 anos. A oferta complétase cos concertos familiares "Descubre unha orquestra para ti... a túa!" que se realizarán algúns sábados sinalados.

Para finalizarmos a tempada, os sons viaxeiros do arquipélago dialogarán coa literatura nun texto de Oscar Wilde, interpretado por un dos actores máis coñecidos e emblemáticos da escena galega: Carlos Blanco. Unha fermosa maneira de poñermos punto e final a esta singladura coa que queremos descubrir ós nosos abonados e público en xeral outros portos coas súas músicas, textos, paisaxes e sensibilidades.

Boa viaxe!

**Paul Daniel**  
Director artístico da Real Filharmonía de Galicia







◆ Abono | ◆ En Xira | ◆ Vigo | ◆ Descubre unha orquestra... | ◆ Didácticos | ◆ Conversando con...

## SETEMBRO

### RFG NA CIDADE

Jan Wierzbza, director

W. A. Mozart, *As vodas de Figaro*, K. 492. *Abertura*  
 E. Elgar, *Serenata para cordas en mi menor*, op. 20  
 B. Bartok, *Danzas Romanesas*, BB 76  
 F. Mendelssohn, *O soño dunha noite de verán*, op.61.  
 (Intermezzo- Nocturno- Scherzo)

**Mércores 12, 19.00 h - Praza Aurelio Aguirre (Conxo)**

**Xoves 13, 19.00 h - Praza Roxa**

**Venres 14, 19.00 h - P. Europa - Área Central. As Fontiñas**

**Sábado 15, 13.00 h - Praza de Abastos**

### X CICLO DE MÚSICA DE BARCIA DE MERA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

W. A. Mozart, *As vodas de Figaro*, K. 492. *Abertura*  
 E. Elgar, *Serenata para cordas en mi menor*, op. 20  
 B. Bartok, *Danzas Romanesas*, BB 76  
 F. Mendelssohn, *O soño dunha noite de verán*, op.61.  
 (Intermezzo- Nocturno- Scherzo)

◆ **Sábado 22, 20.30 h - Barcia de Mera**

### O HOLANDES ERRANTE

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

R. Wagner, *O Holandés Errante* (versión concerto)

Alexandre Krasnov, baixo-barítono (Holandés)  
 Richard Wiegold, baixo (Daland)  
 Maribel Ortega, soprano (Senta)  
 Eduard Martynyuk, tenor (Erik)  
 María Luísa Corbacho, contralto (Mary)  
 Moisés Marín, tenor (Timonel)  
 Coro Orquesta Sinfónica de Galicia (Joam Company,  
 director)

◆ **Xoves 27, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 18€**

◆ **Xoves 27, 19.45 h - Sala Mozart**

Conversando con... Carlos Villanueva, profesor de Musicoloxía da USC e José María Miranda, secretario de Amigos da Ópera de Santiago

◆ **Sábado 29, 20.30 h - Teatro Afundación (Vigo)**

Coproducen: Amigos da Ópera de Santiago e Amigos da Ópera de Vigo



## OUTUBRO

### OSG EN COMPOSTELA

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Christian Vásquez, director

P. I. Chaikovski, *Sinfonía núm. 5 en mi menor* op. 64  
 N. Rimski-Korsakov, *Capricho español*, op. 34  
 A. Márquez, *Danzón núm. 2*  
 A. Márquez, *Conga del fuego*  
 J. P. Moncayo, *Huapango*  
 Z. Abreu, *Tico-Tico no Fubá*

◆ **Mércores 10, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€**

### JOSÉ ARRIOLA: A REVELACIÓN

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Maximino Zumalave, director

Javier Franco, barítono

R. Strauss, *Guntram*, TrV 168, op. 25. *Preludio do Acto I*  
 J. Arriola, *Seis poemas de A. Machado*  
*El cadalso. La aurora asomaba*  
*La primavera besaba*  
*Epílogo*

J. Arriola, *Tres textos de Cervantes*  
*Mal me mantendrás*  
*Marinero soy de amor*

J. Guridi, *Una aventura de Don Quijote*

R. Strauss, *Catro interludios sinfónicos da ópera Intermezzo*, op.72, TrV 246

◆ **Xoves 11, 20.30 h - Auditorio de Ferrol**

◆ **Mércores 17, 20 h - Círculo de las Artes. Lugo**

◆ **Xoves 18, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€**

◆ **Xoves 18, 19.45 h - Sala Mozart**

Conversando con... Joam Trillo, compositor

◆ **Venres 19, 20.30 h - Teatro Afundación. Vigo**

### UNHA NOITE CON MENDELSSOHN

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Jonathan Webb, director

Svetlin Roussev, violín

F. Mendelssohn

*Concerto Abertura As Hébridias*, op.26  
*Concerto para violín en mi menor*, op. 64  
*Sinfonía núm. 8 para cordas en Re maior*  
*(versión para orquestra con ventos)*

◆ **Xoves 25, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€**

◆ **Venres 26 - Auditorio Nacional de Música. Madrid**

◆ Abono | ◆ En Xira | ◆ Vigo | ◆ Descubre unha orquestra... | ◆ Didácticos | ◆ Conversando con...

## NOVEMBRO

### O CREBANOCES

Maximino Zumalave, director  
Compañía de monicreques Per Poc (Santi Arnal e Anna Fernández)

P. I. Chaikovski, *O Crebanoces*

### CONCERTOS DIDÁCTICOS

◆ Xoves 8 e venres 9, 11 h - Santiago

### DESCUBRE UNHA ORQUESTRA PARA TI... A TÚA!

◆ Sábado 10, 18.30 - Santiago

### O GABINETE DO DOUTOR CALIGARI

CINEUROPA  
REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Timothy Brock, director

*O gabinete do Doutor Caligari* (1919) de Robert Wiene  
Música de Timothy Brock

◆ Mércores 14, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€

◆ Mércores 14, 19.45 h - Sala Mozart

Conversando con... Timothy Brock

### PRIMAVERA APALACHE

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Erik Nielsen, director

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 93 en Re maior (Primeira das Sinfonías Londres)*  
C. Debussy, *Primavera*  
A. Copland, *Appalachian Spring, rev. 2016 (Primavera dos Apalaches)*

◆ Xoves 22, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€

## TRAS AS LIÑAS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Paul Daniel, director  
Isabel Villanueva, viola

C. Coles, *Behind the Lines (Tras as liñas)*  
W. Walton, *Concerto para viola e orquestra* (versión 1962)  
F. Delius, *A song before Sunrise (Unha canción antes do amencer)*  
F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 94 en Sol maior 'A Sorpresa'* (*Segunda das Sinfonías Londres*)

◆ Mércores 28, 20.30 h - Teatro Afundación. Vigo

◆ Xoves 29, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€

◆ Xoves 29, 19.45 h - Sala Mozart

Conversando con... Paul Daniel e Isabel Villanueva

## DECEMBRO

### MÚSICA NAS ILLAS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Paul Daniel, director  
Kari Krilkku, clarinete

M. Arnold, *Danzas arredor das Illas Británicas* (selección de Paul Daniel)

M. Lindberg, *Concerto para clarinete e orquestra*  
R. Vaughan Williams, *A London Symphony (Sinfonía Londres núm. 2 en Sol maior)*

◆ Mércores 12, 20.30 h - Teatro Afundación. Vigo

◆ Xoves 13, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€

◆ Xoves 13, 19.45 h - Sala Mozart

Conversando con... Paul Daniel

◆ Venres 14, 20.30 h - Palacio da Ópera. A Coruña

### CONCERTO DE NADAL

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Francesc Prat, director

J. P. Rameau, *As indias galantes* (selección)  
C. Debussy, *Pequena Suite*  
C.W. Gluck, *Armide - Chacona (ballet) do Acto 5 escena 2*  
F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 82 en Do maior 'O oso'* (*Primeira das Sinfonías de París*)

◆ Xoves 20, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€

◆ Venres 21, 20.30 h - Auditorio de Ferrol

◆ Sábado 22, 20.30 h - Teatro Principal. Ourense

◆ Abono | ◆ En Xira | ◆ Vigo | ◆ Descubre unha orquestra... | ◆ Didácticos | ◆ Conversando con...

## XANEIRO

### CONCERTO DE REIS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Paul Daniel, director

◆ Venres 4, 20.30 h - Teatro Principal. Santiago  
Fóra de abono

### RFG NO GAIÁS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Paul Daniel, director

◆ Xoves 17 - Cidade da Cultura. Santiago  
Fóra de abono

### CLASISQUÍSIMO

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Enrico Onofri, director e violín

W. A. Mozart, *Sinfonía núm. 10 en Sol maior KV 74*  
G. B. Sammartini, *Sinfonía en La maior J-C 62 para cordas*  
F. J. Haydn, *Concerto en Sol maior Hob. Vlla: 4 para violín*  
W. A. Mozart, *Sinfonía núm. 39 en Mi bemol maior, KV 543*

◆ Xoves 24, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€  
◆ Xoves 24, 19.45 h - Sala Mozart  
Conversando con... Enrico Onofri  
◆ Venres 25, 20.30 h - Teatro Principal. Ourense

### ALTO DRAMA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Manuel Hernández-Silva, director  
Berna Perles, soprano

W. A. Mozart, *A Fruta Máxica. Abertura*  
W. A. Mozart, *Misera, dove son, KV 369 [Escena e Aria]*  
L. v. Beethoven, *As Criaturas de Prometeo. Abertura*  
L. v. Beethoven, *Ah! Pérfido [Escena e Aria] op. 65*  
R. Schumann, *Sinfonía núm. 3 en Mi bemol maior, op. 97 'Renana'*

◆ Mércores 30, 20.30 h - Auditorio de Ferrol  
◆ Xoves 31, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€  
◆ Xoves 31, 19.45 h - Sala Mozart  
Conversando con... Manuel Hernández Silva

## FEBREIRO

### FUNNY FACE

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE  
REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Paul Daniel, director  
Kun-Woo Paik, piano

G. Gershwin, *Funny Face. Abertura*  
M. Ravel, *Concerto para piano en Sol maior*  
W. Walton, *Sinfonía núm. 1 en si bemol menor*

◆ Mércores 6, 20.30 h - Teatro Afundación. Vigo  
◆ Xoves 7, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€  
◆ Xoves 7, 19.45 h - Sala Mozart  
Conversando con... Paul Daniel

### DESCUBRE UNHA ORQUESTRA PARA TI... A TÚA!

◆ Venres 8, 18.30 h - Santiago

### CANTIGAS DE SAL

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Pedro Neves, director  
Cristina Branco, fadista  
Mário Laginha, piano  
Miguel Amaral, guitarra portuguesa

M. Laginha  
*Abertura 2011*  
*Quando julgas que me amas*  
*Margarida*  
*Quando eu canto*

Popular (arr. M. Laginha)  
*Rapazes, meninos*  
*Ó Laurinda. Linda, Linda*  
*Mirandum se fui a la guerra*  
*José Embala o Menino*

A. Oulman (arr. M. Laginha)  
*Maria Lisboa*  
*Abandono*  
*A Minha Terra é Viana*  
*Alfama*

C. Castelo (arr. M. Laginha)  
*Sete pedaços de vento*

A. Machado (arr. M. Laginha)  
*Se não chovesse tanto, meu amor*

◆ Xoves 14, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€

◆ Abono | ◆ En Xira | ◆ Vigo | ◆ Descubre unha orquestra... | ◆ Didácticos | ◆ Conversando con...

## PANGEA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Abraham Cupeiro, multidisciplinar

### CONCERTOS DIDÁCTICOS

◆ Xoves 21 e venres 22, 11 h - Santiago

### DESCUBRE UNHA ORQUESTRA PARA TI... A TÚA!

◆ Sábado 23, 18.30 h - Santiago

## SINFONISMOS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Jonathan Webb, director

R. Vaughan Williams, *Sinfonía núm. 5 en Re maior*  
A. Saavedra, obra de encarga  
J. Sibelius, *Sinfonía núm. 6 en re menor, op. 104*

◆ **Mércores 27, 20.30 h - Teatro Afundación. Vigo**

◆ **Xoves 28, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€**

◆ **Xoves 28, 19.45 h - Sala Mozart**

Conversando con... Jonathan Webb

## MARZO

### RAÍÑAS E INFANTAS

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Baldur Brönimann, director

M. Fernández-Barrero, *Nocturno Sinfónico* [Premio composición 2017 BBVA-AEOS]  
F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 85 en Si bemol maior 'A Raiña'* (do ciclo das *Sinfonías de París*)  
F. Schreker, *Suite de "O aniversario da Infanta"*  
M. Ravel, *Pavana para unha infanta morta*

◆ **Xoves 14, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€**

◆ **Xoves 14, 19.45 h - Sala Mozart**

Conversando con... Baldur Brönimann

◆ **Venres 15, 20.30 h - Teatro Afundación. Vigo**

### VENTOS DO LESTE

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Antoni Wit, director

S. Moniuszko, *Abertura Paria*  
F. Schubert, *Sinfonía núm. 3 en Re maior D200*  
M. Karłowicz, *Sinfonía en mi 'Renacemento', op. 7*

◆ **Xoves 21, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€**

## EVOCACIÓN

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE  
JAVIER PERIANES, piano

F. Chopin, *Nocturnos op. 48.*  
F. Chopin, *Sonata núm. 3 en Si menor op. 58*  
I. Albéniz, *Iberia (Selección)*  
M. de Falla, *Cuatro Piezas Españolas*  
M. de Falla, *El Sombrero de Tres Picos (Selección)*

◆ **Venres 29, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€**

## MINI MOZART

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Servizo Educativo da Casa da Música

### CONCERTOS DIDÁCTICOS

◆ **Xoves 28 e venres 29, 11 h - Santiago**

### DESCUBRE UNHA ORQUESTRA PARA TI... A TÚA!

◆ **Sábado 30, 18.30 h - Santiago**

## ABRIL

### PARAFRASEANDO A SCHUMANN

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE  
REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA  
Paul Daniel, director  
Nicolas Angelich, piano

R. Schumann, *Carnaval, op.9* [versión orquestral de Glazunov, Rimsky-Korsakov e outros para o ballet de Diaghilev]  
R. Holloway, *Scenes from Schumann op. 13. Sete paráfrases para orquestra*  
X. Mariño, Obra de encarga  
R. Schumann, *Concerto para piano op. 54, en La menor*

◆ **Xoves 4, 20.30 h - Teatro Afundación. Vigo**

◆ **Venres 5, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€**

◆ **Venres 5, 19.45 h - Sala Mozart**

Conversando con... Paul Daniel

◆ **Sábado 6, 20.30 h - Palacio da Ópera. A Coruña**

◆ Abono | ◆ En Xira | ◆ Vigo | ◆ Descubre unha orquestra... | ◆ Didácticos | ◆ Conversando con...

## Á MEMORIA DUN ANXO

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Marta Infante, mezzosoprano

Ye-Eun Choi, violín

A. Gaos, *Impresión nocturna*

A. Gaos (orq. J. Trillo), *Rosa de Abril/Au point du jour/La rose/ Fleur/Premier Printemps!*

A. Gaos (orq. J. Trillo), *Temporal*

R. Vaughan Williams, *Fantasia sobre un tema de Thomas Tallis*

A. Berg, *Concierto para violín "Á memoria dun anxo"*

◆ **Mércores 17, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€**

◆ **Mércores 17, 19.45 h - Sala Mozart**

Conversando con... Paul Daniel

## A CONTRATEMPO

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Eun Sun Kim, directora

Fanny Mendelssohn-Hensel, *Abertura en Do maior*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 22 en Mi bemol maior 'O filósofo'*

M. Martínez, *Sinfonía en Do maior*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 101 en Re maior 'O reloxo' (do ciclo das Sinfonías Londres)*

◆ **Xoves 25, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€**

◆ **Xoves 25, 19.45 h - Sala Mozart**

Conversando con... Eun Sun Kim

◆ **Venres 26, 20.30 h - Teatro Afundación. Vigo**

## MAIO

### OSG EN COMPOSTELA

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Eliahu Inbal, director

Okka von der Damerau, mezzosoprano

G. Mahler, *Kindertotenlieder*

A. Bruckner, *Sinfonía núm. 7 en Mi maior WAB 107*

◆ **Xoves 2, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€**

## QUE COMECE A MÚSICA!

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Wayne Marshall, director e piano

G. Gershwin, *Strike up the Band! (Que soe a Banda!)*

G. Gershwin, *Concerto para piano en Fa maior*

Y. Bowen, *Sinfonía núm. 1 en Sol, op. 4*

◆ **Xoves 9, 20.30 h - Teatro Afundación. Vigo**

◆ **Venres 10, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€**

## SENDEIROS DA GLORIA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Nicolas Altstaed, director e violoncello

M. Ravel, *Le tombeau de Couperin*

D. Shostakovich, *Concerto para violoncello núm. 1 en Mi bemol maior, op. 107*

F. J. Haydn, *Sinfonía núm. 100 en Sol maior 'Militar' (Unha das Sinfonías Londres)*

F. S. Kelly, *Elexía para orquestra de cordas 'En memoria de Rupert Brooke'*

◆ **Xoves 23, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 12€**

◆ **Xoves 23, 19.45 h - Sala Mozart**

Conversando con... Nicolas Altstaed

◆ **Venres 24, 20.30 h - Círculo de las Artes. Lugo**

## POMPA E REVOLUCIÓN

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Carlos Blanco, narrador

Coro feminino do Orfeón Terra a Nosa (Miro Moreira, director)

E. Elgar, *Pompa e circunstancia, marcha núm. 1 en Re maior, op. 39*

E. Smyth, *Marcha das mulleres (himno do movemento sufraxista feminino)*

J. Rathbone, *Balada da prisión de Reading (para narrador e orquestra, a partir do poema homónimo de Oscar Wilde)*

E. Elgar, *Variacións Enigma, op.36*

◆ **Mércores 29, 20.30 h - Auditorio de Galicia, 15€**

◆ **Mércores 29, 19.45 h - Sala Mozart**

Conversando con... Paul Daniel e Carlos Blanco

◆ **Xoves 30, 20.30 h - Auditorio de Ferrol**

DESCUBRE UNHA ORQUESTRA PARA TI... A TÚA!

◆ **Venres 31, 18.30 h - Santiago**

## **SECCIÓNS ESPECIAIS**

### **Descubre unha orquestra para ti, a túa!**

Co fin de achegar a música clásica e a RFG a novos públicos, continúa no Auditorio o ciclo Descubre unha orquestra para ti, a túa!. Dirixido á audiencia familiar e a quen non ten a oportunidade de asistir habitualmente aos concertos de abono, ofrece condicións especiais e programas reducidos para que todas e todos poidan gozar da mellor música en directo. Como parte do proxecto "RFG Solidaria", posto en marcha a finais da temporada pasada, cada unha destas actuacións destinarase a dar visibilidade a unha ONG que loita pola defensa da infancia.

O prezo xeral das entradas destes concertos é de 5 €. Ademais, se quen merca a entrada é menor de catorce anos, poderá convidar de balde a outras dúas persoas.

### **Convers@ndo con...**

Non hai dúas interpretacións iguais. Cada concerto é a expresión dun punto de vista, unha proposta persoal e ao tempo colectiva que agroma da sensibilidade, o criterio, a vontade e a entrega dun grupo moi amplo de persoas e que deixa tras de si un feixe de historias. Que motiva a escolla dun autor ou dunha peza? Cal é a pegada de quen a dirixe e interpreta? Como lemos hoxe unha sinfonía escrita séculos atrás?

Dende esa forma de entender a música como un xeito de comunicación interpersonal, coma un relato, queremos achegarnos ao transfundo de cada concerto e coñecer o conto de primeira man. A tal fin, convidamos a directoras/es, intérpretes, solistas, especialistas e ouvintes a unha conversa que serve de limiar e contexto de cada actuación uns minutíños antes de que comece. Para ir abrindo boca.

### **Sementando futuro | Concertos didácticos**

Como en anos anteriores, a tempada 2018-2019 mantén a arela de achegar a música a nenas e nenos de todas as idades. Cara ese fin, artellamos un programa didáctico dirixido a escolares de Compostela e de toda Galicia que vencella a rapazas e rapaces, docentes e artistas na descuberta do pracer e o coñecemento musical. A iniciativa constrúese a través de sesións pedagóxicas diversas que fusionan música, danza e teatro e que contan con materiais complementarios e guías didácticas coas que o profesorado pode traballar antes e despois da asistencia ao evento. Porque quen sementa, recolle.

### **Ciclo de piano Ángel Brage**

Malia o seu marcado carácter internacional, a Real Filharmonía é unha orquestra da cidade de Santiago e, como tal, son constantes as homenaxes e acenos que dirixe a historia e poboación de Compostela. Entre elas, destaca a xa tradicional celebración da personalidade e maestría do pianista compostelán Ángel Brage. O ciclo de piano que leva o seu nome naceu no ano 2008 como conmemoración do 25 aniversario do seu pasamento. Dende aquela, congrega cada ano no escenario a un nutrido grupo de pianistas de grande prestixio internacional. A tempada 2018-19 inclúe o recital do recoñecido pianista Javier Perianes e inclúe os recitais que a Real Filharmonía de Galicia interpretará con Kun Woo Paik, Nicolas Angelich dirixidos polo mestre Paul Daniel e Wayne Marshall que tamén actuará como director.



# CONDICIÓN APLICABLES AOS ABONOS DA PROGRAMACIÓN ESTABLE

## DESPACHO DE BILLETES

Mediante pago efectivo, talón bancario ou tarxeta Visa ou Mastercard.

## VALIDEZ DO ABONO

O abono é válido para as actividades así indicadas nesta publicación.

## LOCALIDADES

A persoa abonada recibirá as localidades co número de fila e butaca, que será o mesmo durante todo o abono. Unha vez retiradas as localidades a persoa abonada será a única responsable delas. O Auditorio non entregará un duplicado das localidades en caso de perda, deterioro, roubo ou destrución.

## UTILIZACIÓN

A persoa abonada que non faga uso do abono, nalgún ou todos os concertos, non terá dereito a ningún reintegro económico.

## ORGANIZACIÓN

Se por razóns urxentes de organización houbera que programar un dos concertos de abono mediante aforo non numerado, a persoa abonada, aínda que estea en posesión das súas localidades numeradas, deberá aterse ás butacas dispoñibles no momento de acceder á sala, sen ningún dereito a esixir filas ou butacas ocupadas.

## ALTERACIÓNS

O Auditorio de Galicia resérvase o dereito de alterar o día, hora e lugar dos concertos, substituír a algún artista ou formación musical, así como cancelar calquera dos concertos programados.

## VENDA DE ENTRADAS

- Venda anticipada: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)
- No despacho de billetes do Teatro Principal de 18.00 h a 20.30 h, de martes a sábado.
- No despacho de billetes do Auditorio de Galicia ou no teléfono 981 571 026, só os días de concerto de 18.00 h a 20.30 h.

## DESCONTOS E PREZOS ESPECIAIS

- Concertos do ciclo Descubre unha orquestra para ti, a túa!. O prezo xeral das entradas é de 5 €. Se quen merca a entrada é menor de catorce anos, recibe outras dúas de balde.
- Resto de concertos do Auditorio. Descontos habituais do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas. Descontos non acumulables. Só se pode aplicar un desconto por entrada

## RENOVACIÓN DE ABONOS

- Os días 3, 4, 5, 6 e 7 de setembro de 2018, polas seguintes vías:
- No teléfono 981 571 026 (Auditorio), de 11.00 h a 14.00 h.

## NOVOS ABONOS

Os días 17, 18, 19, 20, e 21 de setembro de 2017, polas seguintes vías:

- No despacho de billetes do Auditorio de Galicia de 11.00 h a 14.00 h

## MODALIDADE DE ABONOS

### ABONO A

Setembro 2018 - Maio 2019	
24 Concertos	327,00 €
25% desconto	245,25 €

### ABONO B

Setembro - Decembro 2018	
9 Concertos	126,00 €
15% desconto	107,10 €

### ABONO C

Xaneiro - Marzo 2019	
8 Concertos	105,00 €
15% desconto	89,25 €

### ABONO D

Abril - Maio 2018	
7 Concertos	96,00 €
15% desconto	81,60 €

### ABONO ESPECIAL\*\*

Abono A:	163,50 €
Abono B:	63,00 €
Abono C:	52,50 €
Abono D:	48,00 €

### ABONO COLECTIVO\*\*\*

450,00 €

\*\* Abono Especial para estudantes e xubiladas/os co 50% de desconto. Pode adquirirse para toda a temporada ou por trimestre.

\*\*\* Abono Colectivo para asociacións culturais e veciñais, escolas de música públicas e centros educativos públicos. 60 abonos á venda para a temporada 2018-19. Cada abono contén 4 entradas por concerto. Debe adquirirse para toda a temporada. Para a compra destes abonos deberá acreditarse documentalmente a pertenza aos colectivos especificados

# CRÉDITOS

## REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

DIRECTOR ARTÍSTICO E TITULAR  
Paul Daniel

PRINCIPAL DIRECTOR INVITADO  
Jonathan Webb

DIRECTOR ASOCIADO  
Maximino Zumalave

FRAUTAS  
Laurent Blaiteau / Luis Soto

ÓBOES  
Christina Dominik / Esther Viúdez

CLARINETES  
Beatriz López / Vicente López

FAGOTES  
Juan Carlos Otero / Manuel Veiga

TROMPAS  
Jorge Ortega / Alfredo Varela / Xavier Ramón

TROMPETAS  
Javier Simó / Ramón LLátser

TIMBAL  
José Vicente Faus

VIOLÍNS I  
James Dahlgren, concertino  
Adriana Winkler, axuda de concertino  
Anca Smeu, copríncipal / Ildiko Olta  
Anna Alexandrova / Ilya fisher  
Claudio Guridi / Victoria Jurov  
Daniel Kordubaylo / Yulia Petrushevskaya  
Michal Ryczel

VIOLÍNS II  
Grigori Nedobora / Nikolay Velikov  
Samira Ajkic / Irina Gruia  
Kiyoko Ohashi / Enrique Roca  
Helena Sengelow / Elina Viksne  
Gyula Vadaszi

VIOLAS  
Tilmann Kircher / Natalia Madisson  
Oxana Bakulina / Ionela Ciobotaru  
Iriana Fernández / Timur Sadykov / Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS  
Plamen Velez / Barbara Switalska  
Millán Abeledo / Carlos García  
Ailsa Lewin / Thomas Piel

CONTRABAIXOS  
Carlos Méndez / Alfonso Morán / Oriol Xicart

### EQUIPO TÉCNICO DA RFG

DIRECTORA TÉCNICA  
Sabela García Fonte

COORDINADORA DE ACTIVIDADES  
Mariluz González

PRODUCCIÓN  
Esther Calvo

ADMINISTRACIÓN  
Aurora Díaz

ARQUIVEIRA  
María del Carmen Lorenzo

UTILLEIRO  
Francisco Fernández

AXUDANTE DE ESCENARIO  
Juan Ramos (Servicio Móvil)

## CONSORCIO DE SANTIAGO

### CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Presidente  
Martiño Noriega Sánchez  
Alcalde de Santiago de Compostela

Vicepresidentes  
María del Pilar Paneque Sosa  
Subsecretaria do Ministerio de Facenda

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación  
Universitaria da Xunta de Galicia

#### Vogais

Jesús Manuel Gómez García  
Subsecretario de Fomento

Subsecretaria/o do Ministerio de Cultura e Deporte

Alfonso Rueda Valenzuela  
Vicepresidente da Xunta de Galicia e conselleiro de  
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta  
de Galicia

Valeriano Martínez García  
Conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela

Francisco Reyes Santiás  
Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela

#### Teñen dereito de asistencia, con voz e sen voto:

José Ramón Alonso Fernández  
Secretario do Concello de Santiago de Compostela  
e secretario do Consorcio da cidade de Santiago de  
Compostela

Belén Hernández Lafuente  
Xerente do Consorcio da cidade de Santiago de  
Compostela

Consuelo Lage Ferrón  
Interventora do Consorcio da cidade de Santiago de  
Compostela

#### Asiste por invitación da presidencia:

Rubén Cela Díaz  
Concelleiro do Concello de Santiago de Compostela

## CONSORCIO DE SANTIAGO

### COMISIÓN EXECUTIVA

Presidente  
Martiño Noriega Sánchez  
Alcalde de Santiago de Compostela

#### Vogais

Carmen Alcalá Sacristán  
Inspectora Xeral do Ministerio de Facenda

Xesús Oitavén Barcala  
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,  
Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

Secretario  
José Ramón Alonso Fernández  
Secretario do Concello e secretario do Consorcio da cidade  
de Santiago de Compostela

#### Teñen dereito de asistencia, con voz e sen voto:

Agustín Hernández Fernández de Rojas  
Concelleiro do Concello de Santiago

Francisco Reyes Santiás  
Concelleiro do Concello de Santiago

Consuelo Lage Ferrón  
Interventora do Consorcio da cidade de Santiago de  
Compostela

Belén Hernández Lafuente  
Xerente do Consorcio da cidade de Santiago de  
Compostela

#### Asiste por invitación da presidencia:

Rubén Cela Díaz  
Concelleiro do Concello de Santiago

#### UNIDADE ADMINISTRATIVA

Laura Castro Caamaño  
Begoña Vázquez Rodríguez  
Mercedes Suárez Louzao  
Emilia Díaz Varela  
Jorge Sampayo Salgueiro  
Elisa González Rosendo

## **AUDITORIO DE GALICIA**

### **CONSELLO REITOR**

#### **Presidente**

Martiño Noriega Sánchez  
Alcalde de Santiago de Compostela

#### **Vogais**

Mª Teresa Cancelo Márquez  
Mª José Castro Carballal  
Gonzalo Muiños Sánchez  
Branca Novoneyra  
Goretti Sanmartín Rei

#### **Secretario**

José Ramón Alonso Fernández

#### **Viceinterventora**


Ana Gago Fernández

#### **Director-Xerente**

Xaquín López González

#### **Persoal**

David Areán Rivas  
Chus Busto Castiñeiras  
Santiago Cabrera Fontenla  
Rogelio Fernández García  
Míriam Louzao Fernández  
Antonio Liñares Fernández  
Carlos Marcote Antelo  
José Mayo Suárez  
Carlos Millán Calenti  
Silvia Modia Ferreiro  
Ángeles Otero Cabanas  
Ana Parga Salgado  
Ángela Pereira Costa  
Javier Rodríguez Sanmartín  
José Rodríguez Sanmartín  
Antonio Vieites Balsa



AUDITORIO DE GALICIA

# REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

2018 → 2019

## AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n  
15705 Santiago de Compostela

## DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)  
T 981 542 349 (Teatro Principal)

## OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

[www.rfgalicia.org](http://www.rfgalicia.org)

[www.compostelacapitalcultural.gal](http://www.compostelacapitalcultural.gal)



RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia  
@CCultura



CONSORCIO DE  
SANTIAGO



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



CONCELLO DE  
SANTIAGO



XUNTA  
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación  
DA CORUÑA